

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 23/04/2018 e que literalmente transcrito di:

“A Alcaldía-Presidencia aprobou con data 13/04/2018 unha resolución pola que se acorda a aprobación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no procedemento para a provisión, polo sistema de concurso de postos de traballo do grupo A, subgrupo A1-A2 deste Concello. Resolución na que se acorda ademais a designación dos membros da Comisión Avaliadora. Comisión na que figura como presidente suplente don Iñiqui Bilbao Castro, letrado do Concello de Santiago de Compostela.

Con data 19/04/2018 o Concello de Santiago presenta no Rexistro Xeral un escrito no que designan como presidente suplente a dona María del Carmen Domínguez Lage, xefa do Servizo de Persoal do citado Concello.

A Lei 2/2015 da Función Pública de Galicia recolle no seu artigo 59.1 que: “Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e mais de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

Polo exposto, e en aras a respetar escrupulosamente o principio de paridade na composición da Comisión Avaliadora, acéptase a proposta do Concello de Santiago de designación de presidente suplente, polo que lle propono a vostede a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o Decreto de data 13/04/2018 e designar como presidente suplente a dona María del Carmen Domínguez Lage.

Non obstante, vostede resolverá.”

Examinada así mesmo a documentación que o acompaña.

DECRETO.- Examinei a proposta precedente e apróboa nos seus propios termos.

Ferrol,
O alcalde

Dou fe,
O secretario xeral